Nº 28
17/01/2018

Deputación DA CORUÑA

Boletín de Medio Ambiente

Foto: Manuel Mariño

Píllara das dunas

Descrición: pequena limícola de aspecto inconfundible: en ámbolos dous sexos o dorso é pardo cincento, en contraste coa plumaxe branca das partes inferiores, as patas son negras e o bico é curto e fino, tamén negro.

Ameazas: A principal ameaza para a especie provén da pérdida de hábitat. Teñen o costume de aniñar no chan, co que son vulnerables á predación ou á destrución accidental por actividades humanas.

Estado: Está catalogado pola Xunta de Galicia como "especie vulnerable". En Galicia quedan aproximadamente 80 parellas.

Noticias

Bruxelas quere que en 2030 todos os envases de plástico sexan reciclables

A Comisión Europea (CE) lanzou este martes unha nova estratexia para limitar o impacto dos plásticos no medioambiente, co obxectivo de que todos vos envases dese material estean deseñados para que poidan ser reciclados ou reutilizados.

"Se non cambiamos de política, en 2050 haberá máis plásticos que peixes non mar", lembrou o vicepresidente da CE, *Frans Timmermans*. Explicou tamén que o obxectivo é conseguir que reciclar sexa rendible, pois o plástico non reciclado desperdiciado podería custar máis de 70.000 millóns de euros ao ano.

Fonte: Comisión Europea

A carga do *MSC Eloane* alaga media Costa da Morte de leite e tabaco

O buque perdeu o venres pasado varias decenas de colectores a 40 millas de Galicia. As praias apareceron cubertas sobre todo de botes de leite en polvo, pero tamén de ferros de aluminio, cartuchos de tinta, sofás novos e moitos miles, poida que ata millóns, de paquetes de tabaco.

Desde Salvamento Marítimo confirmaron que se trata de parte da carga caída ao mar desde o mercante *MSC Eloane*, un portacontedores con bandeira de Liberia que deu aviso o pasado venres pola tarde da perda de entre 30 e 45 colectores a 40 millas de Galicia. De feito, aínda se mantén activa a alerta, posto que as condicións do mar impediron recuperar toda a carga.

Fonte: La Voz de Galicia

Sofren as langostas ao cociñalas vivas en auga fervendo?

Recentemente Suíza promulgou unha lei na que prohibe cociñar ou conxelar ás lagostas cando aínda viven, obrigando a que sexan noqueadas antes de utilizalas como ingrediente. Un informe de 2008, atopou que os estímulos daniños que lles producían a unhas gambas provocaban unha resposta no animal, algo que cun anestésico local non ocurría, pero non se demostrou do todo si os animais invertebrados senten doro ou non.

Fonte: El Diario

China deixa de reciclar o teu plástico

China intenta deixar de ser a entulleira do planeta en prol do seu medio ambiente. O país prohibiu as importacións de certos tipos de residuos sólidos desde o estranxeiro, unha medida que pode ter efectos importantes sobre a industria mundial da reciclaxe.

Todas aquelas nacións que ata agora dependían do xigante asiático para desfacerse do seu lixo deberán agora buscar alternativas, sexa xestionar estes residuos por si mesmas ou buscarlles outro destino.

Fonte: El País

O científico que converte a contaminación en comida

Solucionar a contaminación e a fame utilizando CO_2, pode parecer unha utopía pero segundo *Juha Pekka Pitkänen*, investigador da Universidade Tecnolóxica de *Lappeenranta* en Finlandia é posible.

Conseguiríase a través dun simple proceso: introdúcese auga, CO_2 e microbios nun pequeno bioreactor xunto a outras sustancias químicas e aplícase electricidade xerada por enerxía solar. Así, obtense un material moi parecido ao tofu, cun perfil nutricional similar aos alimentos básicos.

Fonte: El País

Desinversión fósil para loitar contra o cambio climático

A filosofía do movemento pola desinversión fósil, que arrincou en 2012 nos campus dalgunhas universidades de EEUU e a dia de hoxe estendeuse rapidamente a outras esferas e países, reza: sen diñeiro, non hai petróleo. O movemento pola desinversión trata de convencer aos investidores de que saquen o seu diñeiro de bancos e fondos de investimento que á súa vez inviste en compañías de combustibles fósiles, prestándolles diñeiro para que poidan extraer carbón, petróleo ou gas, e que vendan esas accións ou bonos, e invistan o seu diñeiro noutras actividades, como as enerxías renovables ou outras actividades que non sexan daniñas para o clima.

A campaña conta a día de hoxe con máis de 800 institucións e 58.000 investidores individuais que fixeron compromisos de desinversión para o próximos cinco anos por valor de máis de 6 billóns de dólares. O último en unirse ao movemento foi o alcalde da cidade de Nova York, que segundo anunciou, retirará os fondos de pensións da cidade dos investimentos en combustibles fósiles, unha cantidade valorada en 5.000 millóns de dólares.

Fonte: El Diario

Sabías que...

diminuír o consumo de proteínas non só beneficia á saúde senón que axuda á natureza?

Si a xente reducise o consumo de proteínas ás cantidades recomendadas, os granxeiros necesitarían un 13% menos de terra para producir alimento para o gando e as piscifactorías, área equivalente a 1.5 veces o tamaño da Unión Europea.

Boas Prácticas

Campaña escolar sobre a vespa velutina

O concello de Carballo organiza, en colaboración con apicultores locais e a empresa encargada do servizo de control de pragas, unha campaña de información escolar sobre a vespa asiática.

As sesión comezan o 17 de xaneiro, e consistirán nunha exposición básica sobre a vespa, acompañada dunha unidade didáctica adaptada ás idades dos alumnos. Mostraráselles ademais, un niño primario, un secundario completo e outro seccionado, así como a indumentaria e o material empregado na loita como a velutina. Aprenderán tamén a construír unha trampa caseira.

Fonte: La Voz de Galicia

Baleares quere prohibir ata os paus de *Chupa Chups*

A futura lei de residuos e chans contaminados de Baleares prevé a aplicación de diversas medidas de carácter ecolóxico, entre elas a prohibición de certos produtos que danan ao medio ambiente.

Entre os produtos que se verán afectados atópanse as vaixelas de plástico; as palliñas; as cápsulas monodosis de café; o caramelo con pau -que cambiará o seu formato de plástico por madeira, como era hai 60 anos-; bastoncillos; maquinillas de afeitar; toallitas húmidas; algúns tubos de dentífricos ou algunhas cremas que conteñen trazas de microplásticos.

Fonte: ABC

O concello de Santiago identifica as árbores da Alameda

Co obxectivo de contribuír á posta en valor do parque máis histórico de Compostela, o Concello identificou as árbores máis emblemáticas da Alameda. A nova sinalización recolle o seu nome científico, a súa denominación en galego, castelán e braille, e un código QR que permite acceder a máis información sobre a localización, identificación, características, orixe, descrición, etimoloxía, usos e fotografías do exemplar, a través da web de Compostela Verde.

No proxecto colaboran o Concello, FINSA e a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago.

Fonte: Concello de Santiago

Axenda Ambiental

- 18/01/2018 Responsabilidade Ambiental no sector dos residuos, Madrid.
- 19/01/2018 – 28/01/2018 Feira Vasca da Sustentabilidade Medioambiental 2018, Vizcaia.
- 20 e 21 de xaneiro 2018 – Datathon da calidade de aire en Barcelona.

Deputación da Coruña
Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente
Email: medioambiente@dacoruna.gal